

Curso de iniciación á lingua galega

Niveis 0 e 1

Os cursos *Iniciación á lingua galega* están dirixidos a persoas, de Galicia e de fóra desta, sen apenas coñecementos do idioma, que procuran formación para se iniciar na lingua galega e acadar unha competencia básica no uso do galego estándar.

O obxectivo primordial é familiarizarse coa lingua galega dun modo práctico e dinámico, dotando o alumnado dos recursos necesarios para desenvolver as habilidades lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), que lle permitan satisfacer as súas necesidades de comunicación máis primarias.

Mediante a exposición directa na aula a un uso vivo do idioma, fomentaremos a participación activa do alumnado, concentrándonos nas dificultades da aprendizaxe, para resolver as principais dúbidas coas que acotío se enfrontan as e os usuarios do galego.

Iniciación á lingua galega. Nivel 0

Dirixido a quen **NON TEÑA COÑECEMENTO NINGÚN DA LINGUA GALEGA**

O curso, de 42 horas, é de balde e está organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Para unha información máis detallada, pode consultar a web: snl.vigo.org

**CONCELLO
DE VIGO**



Logo 'VIGO EN GALEGO' con un símbolo de coroa verde sobre a palabra 'VIGO'.

Datas: luns e mércores, 4,6,11,13,18,20,25 e 27 de outubro; 3,8,10,15,17 e 22 de novembro.

Horario: de 11:00 a 14:00

Lugar:

Iniciación á lingua galega. Nivel 1

Dirixido a quen REALIZASE O CURSO DE INICIACIÓN Á LINGUA GALEGA NIVEL 0, OU SUPERE A PROBA DE NIVEL PARA ACCEDER A ESTE CURSO

O curso, de 42 horas, é de balde e está organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Para unha información máis detallada, pode consultar a web: snl.vigo.org

Datas: luns e mércores, 4,6,11,13,18,20,25 e 27 de outubro; 3,8,10,15,17 e 22 de novembro

Horario: de 17:30 a 20:30. Os días 17 e 22 de novembro de 18:30 a 20:30

Lugar:

Inscrición:

Para inscribirse nalgún destes cursos deben enviar a ficha que se achega ao correo electrónico actividades.snl@vigo.org, os seus datos (nome completo, teléfono). Cómpre poñer no asunto: curso galego nivel básico.